



## **Bases sorteo campaña A Guarda “Todo moi preto”**

### **Descrición do sorteo**

O Concello da Guarda co obxectivo de incentivar a mobilidade peonil, os hábitos saudables, o comercio local e de proximidade e o mercado municipal da Praza de Abastos, pon en marcha a campaña de mobilidade “Todo moi preto”. Unha das accións desta campaña consistirá en sortear, entre os clientes da Praza de Abastos da Guarda, un total de 100 carros da compra ao longo de cinco semanas.

### **Bases**

1. Poderán participar neste sorteo todas as persoas que merquen no Mercado Municipal de Abastos e que cubran cos datos pertinentes (nome, teléfono de contacto e localidade) os billetes que se lles facilitarán nos propios establecementos, e que poderán depositar nunha urna no propio recinto da Praza.
2. Non poderán participar no sorteo os propios titulares e xerentes dos postos, nin os seus familiares directos en primeiro grao de parentesco.
3. Cada semana, no Concello, extraeranse de forma aleatoria as 20 papeletas premiadas, correspondentes a 20 carros da compra.
4. O Concello porase en contacto coas persoas gañadoras para indicarlle a data correspondente da recollida do premio. Unha mesma persoa non poderá ter dereito a máis dun premio, neste caso procederíase a extracción doutra papeleta.
5. Non serán aptos para o concurso aqueles billetes que non estivesen debidamente cubertos ou que resulten ilexibles.
6. Cando a persoa agraciada fora menor de idade, entregaráselle o premio ao titor, nai, pai ou representante legal, que deberá acreditar dita condición.
7. A campaña comezará a partir do luns día 17 de setembro e continuará durante as catro semanas seguintes.

# A GUARDA

*todo moi preto*



O COMERCIO É A *vida* DO NOSO POBO



8. As persoas participantes aceptan as bases do sorteo.